



Esteban Valverde realizou os seus estudos de clarinete no “Conservatorio Superior de Música de Vigo” co profesor Francisco Pérez, os cales rematou con “Mención de Honra”.

Perfeccionou os seus estudos de clarinete con Alois Brandhofer no Mozarteum de Salzburgo.

Desde 1992 é profesor de clarinete en diferentes conservatorios da Xunta de Galicia (Pontevedra, Ourense e Vigo). Foi profesor de clarinete e director do Conservatorio Profesional de Vigo de 2003 a 2015. Foi asesor da “Consellería de Educación” de Galicia de 2008 a 2011.

Desde 2015 é director e catedrático de clarinete do “Conservatorio Superior de Música de Vigo”.

Esteban Valverde foi clarinetista da Xove Orquestra de Galicia nos seus inicios.

Ten actuado con diversas orquestras en España como a Orquestra Sinfónica de Málaga e a Orquestra Cidade de Barcelona.

É asiduamente convidado a tocar en distintos países europeos (Albania, Austria, Bosnia e Hercegovina, Estonia, Lituania, Italia, Montenegro, Polonia, Portugal, Serbia e Ucraína) e asiáticos (China e Kazajistán) e colaborou con distintas institucións en “masterclass” de clarinete.

É doutor en Didácticas Especiais pola Universidade de Vigo.

É profesor “honoris causa” pola Academia Nacional de Música de Ucrania (Kyiv).